

Xacemento As Muradellas/As Casarellas/Muralla dos Mouros

010186

Datos de Localización

Castro

Nomenclator:	3200506
Coord. UTM:	X: 599981 Y: 4643115
Concello:	Baltar
Parroquia:	TOSENDE
Lugar:	Tosende
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Castros
Subtipo:	Castro



Denominación: Xacemento As Muradellas/As Casarellas/Muralla dos Mouros

Etapa Histórica: Idade do Ferro

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Dende a entrada de Vilamaior da Boullosa, coller a pista á dereita en dirección a Tosende. Tras atravesar uns 3'5 kilómetros, atopamos o xacemento. Ubícase nun outeiro situado á beira dereita da estrada, non existindo accesos acondicionados.

Este outeiro sitúase na parte media-final da ladeira meridional do Alto do Laspedo, con pendente e dominio visual de toda a zona da Veiga e val do Salas.

Segundo a ficha da Xunta, este asentamento fortificado en altura ten forma semi-ovalada. Destaca o importante sistema defensivo formado por un terraplén con parapeto e muralla, xunto con tres liñas de foxo na metade norte, mentres que na zona sur complétase con dúas liñas de muralla.

Na inspección superficial localizáronse catro pequenos fragmentos cerámicos con características típicas da cerámica castrexa ou tradición indíxena, con coidados bruñidos, en dous anacos, e pastas definitivas. Localizáronse na ladeira sur do castro, dentro dos recintos delimitados para asentamento.

Na actualidade por mor da vexetación existente foi imposible acceder e comprobar o seu estado.

Nunha prospección anterior localizouse, en superficie, dentro do pequeno espazo do abrigo rochoso un anaco cerámico. Corresponde a un fragmento de panza, moi deteriorado, onde pode observarse unha decoración a base de finas liñas incisas en horizontal agrupadas en series de dúas. Polas características de fábrica, adscribiuse á etapa do bronce, sen maiores precisións.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Código de identificación: GA320050018.

-Materiais recollidos na prospección arqueolóxica para a localización e delimitación dos elementos patrimoniais do Concello de Baltar (Ourense). De cara á elaboración do P.X.O.M.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq.: ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.:

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Monte baixo

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Morfolóxicas

Data:

Descrición: A zona correspondente ao recinto central aparece desplomada, presentando unha considerable pendente cara o sur, sendo esta zona a máis alterada. Estas alteracións corresponderían tanto a procesos naturais de desplomes como a actividades humanas.

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles









